



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia: TELEPRESENZA

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	2
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 14/05/2021 - 08:00h ao 20/05/2021 - 12:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Esta actividade enmárcase no eixo 5 do propio Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023, que prevé a realización de actividades formativas en materia de xestión da calidade.

Esta actividade, na modalidade de telepresenza, seguirase en liña a través da ligazón que se achegará ao correo electrónico das persoas seleccionadas o día anterior á realización da actividade.

HORARIO; 10:00 h. a 11:30 horas.

DESTINATARIOS

Está dirixido a persoal empregado público da Administración xeral da Xunta de Galicia e das entidades instrumentais pertencente ao Subgrupo A1 e A2, preferentemente que ocupe postos de estrutura, e abranguerá as novidades máis significativas do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023, así como os compromisos da Comunidade autónoma galega no IV Plan de Goberno Aberto.

PROGRAMA

1. Presentación por parte do conselleiro de Facenda e Administración Pública.
2. Presentación do Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023:

- Eixo 1: Funcionamento dos servizos públicos
- Eixo 2: Xestión da calidade e instrumentos de mellora da calidade
- Eixo 3: Racionalización e simplificación de procedementos administrativos
- Eixo 4: Contratación administrativa
- Eixo 5: Xestión do persoal
- Eixo 6: Transparencia
- Eixo 7: Información e atención á cidadanía
- Eixo 8: Participación cidadá
- Eixo 9: Integridade institucional
- Eixo 10: Difusión e comunicación

3. Rolda de preguntas. Poden analizarse calquera dos ámbitos incluídos no Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023 como cuestións relativas a simplificación, teletraballo, transparencia, atención á cidadanía, etc.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Orde de inscrición.

3. DATOS EDICIÓNS**SANTIAGO****LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN**INICIO / FIN:** 21/05/2021 a 21/05/2021**NUM. PRAZAS:** 150**ESTADO:** NORMAL**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

Seguimento en liña, na modalidade de telepresenza, desta actividade que se desenvolverá no salón de actos grande de San Caetano. Santiago de Compostela.